



En Santiago, a 21 de abril de 2022

## COMUNICADO SOBRE O ANUNCIO DE DISTRIBUCIÓN HORARIA DA MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA EN GALICIA

Ante o anuncio da *Consellería de Cultura, Educación e Universidade* da proposta de distribución horaria das materias na Educación Primaria, a ESO e o Bacharelato, **o COLEF Galicia lamenta, e non comparte, a decisión da consellería de manter a *Educación Física* cunha carga horaria insuficiente na Educación Primaria e na ESO, onde só haberá dúas sesións semanais.** Aínda que no Bacharelato haberá tres sesións semanais de Educación Física, ese aumento da carga horaria prodúcese nun nivel educativo non obrigatorio e non vai afectar a totalidade da poboación infantil e xuvenil galega.

**Esta decisión da *Consellería de Cultura, Educación e Universidade* vai supoñer que toda a poboación galega, durante o seu paso polo ensino obrigatorio, non poida recibir unha *Educación Física de Calidade*,** para a cal a UNESCO determinou que a carga horaria mínima necesaria é de 120 minutos á semana de práctica real, o que implica que son necesarias 3 clases á semana de Educación Física, demanda que foi reiterada ás administracións educativas nas últimas décadas. Neste sentido, un estudo realizado polo COLEF Galicia sobre as ensinanzas mínimas do currículo xa aprobado polo Ministerio de Educación, concluíu que son necesarias máis de 120 sesións en cada curso da ESO e no 1º curso do Bacharelato para poder desenvolvelo con garantías e que poida haber realmente unha *Educación Física de Calidade*, polo que **serían necesarias como mínimo 3 clases á semana de Educación Física** (105 sesións no curso).

Non debemos esquecer tampouco que o confinamento derivado da COVID-19 reduciu o tempo de práctica de actividade física, facendo que aumenten os niveis de sobrepeso e obesidade na poboación infantil e xuvenil, coas graves consecuencias para a saúde que isto supón. As organizacións médicas levan anos demandando das administracións públicas un maior apoio e promoción da práctica de exercicio físico e, en concreto, tamén un aumento horario da materia de Educación Física (Ver nota: ["Los médicos piden más horas de EF en la ESO y que se imparta en 2º de Bachillerato"](#)).

Agardamos que a *Consellería de Cultura, Educación e Universidade* modifique a súa decisión outorgándolle á Educación Física a importancia que merece no desenvolvemento integral da poboación, asignándolle unha carga horaria que permita que se imparta unha *Educación Física de Calidade* no ensino obrigatorio en Galicia. Como xa fixemos en moitas ocasións, ofrecemos de novo a nosa colaboración á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o desenvolvemento do currículo da materia de Educación Física e en todos os asuntos relacionados con ela.

